

## DEPARTAMENTO DE FRANCÉS - IES AGRA DO ORZÁN

Curso 2023-2024

### Cráterios sobre a cualificación e promoción do alumnado en ESO

A cualificación global de cada avaliación obtérase da suma das puntuacións parciais dos seguintes apartados:

- 1. Traballo na aula, libreta/carpeta persoal actualizada (e/ou tarefas da aula virtual) : 20%** da cualificación global. Inclúe a visita regular (cando así se expresa na consigna) da aula virtual e a realización das súas tarefas.
- 2. Actitude comunicativa e interacción co/oas compañeiro/as e participación: 10%** da nota global.
- 3. Outras tarefas e traballo persoal na aula ou voluntario (lecturas, dramatizacións, talleres de creación literaria, actuacións, participación en proxectos interdisciplinares, presentacións, exposicións, iniciativas do propio alumnado, etc.): 20%** da nota.
- 4. Probas obxectivas: 50%** da cualificación global. Realízanse en cada avaliación unha ou dúas probas, de natureza diversa centradas na adquisición das competencias básicas .

Á hora de calcular a nota media da avaliación, tenderase a un redondeo á baixa pola non realización dos deberes, incumprimento do prazo de entrega dos traballos, comportamento negativo, falta de interese pola dinámica do grupo e actitude incorrecta respecto ao profesorado e aos compañeiros de clase. E, polo contrario, sempre e cando a actitude sexa boa, procederáse ao redondeo cara arriba.

Por regra xeral, non se realizarán probas de recuperación debido ao carácter acumulativo dos coñecementos das linguas estranxeiras: a materia impartida nunha avaliación vai ser recuperada en avaliacións posteriores. Así, os alumnos que non superen a materia nunha avaliación, poderán recuperala se aproban as avaliacións posteriores.

Ao alumnado que non alcance os obxectivos a medida que avanza o curso, proporánselles tarefas de reforzo. O Departamento dispón de fichas diversas e outros materiais para a recuperación e o reforzo do alumnado con dificultade na materia, que se distribuirán puntualmente.

Na nota de final de curso valorárase a progresión positiva dos alumnos ao longo do ano, xa que a materia réxese polo criterio de avaliación continua. Polo tanto, non será a media aritmética das tres avaliacións.

### Exemplo concreto de aplicación dos criterios para unha nota trimestral :

1. Escoito, tento falar en francés, fago as tarefas que pide o profesorado na aula real ou na aula virtual: **1 punto.**

Teño a carpeta actualizada, cos apuntes e as fotocopias ao día. Traio regularmente o caderno de actividades . "Tope là " e fago as tarefas da aula virtual. **1 punto.**

2. Sei escoitar ao resto do alumnado, non interrompo, levanto a man para pedir a palabra, falo cando é a meu turno : **1 punto.**

Participo, respondo ás preguntas ou ás correccións dos exercicios na pizarra ou no taboleiro interactivo, falo co resto do/as compañeiro/as nos diálogos e traballos orais : **1 punto.**

3. Entrego un traballo voluntario e/ou creativo (en papel, por vía dixital, en formato de audio ou de vídeo), leo un libro en francés, participo nunha actuación (teatro, canción, vídeo, etc.). Participo na elaboración dos materiais (murais, collages, etc.) para as celebracións e conmemoracións interdisciplinares do IES. **1 punto.**

4. Proba escrita e/ou oral : **máximo 5 puntos.**

### PARA O BACHARELATO

A cualificación global de cada avaliación obtérase da suma das puntuacións parciais dos seguintes apartados:

- 1. Traballo na aula, visitas e tarefas da aula virtual : 20%** da cualificación global. Inclúe a visita regular (cando así se expresa a consigna) da aula virtual e a realización das súas tarefas.
- 2. Actitude comunicativa e interacción co/oas compañeiro/as e participación oral: 10%** da nota global.

3. **Outras tarefas obrigatorias** (traballo de investigación persoal ou creación, redaccións feitas en casa e traballo persoal voluntario: lecturas, dramatizacións, actuacións, participación en proxectos interdisciplinares, presentacións orais, exposicións, iniciativas do propio alumnado, etc.): **10%** da nota.
4. **Probas obxectivas: 60%** da cualificación global. Realizaranse en cada avaliación unha ou dúas probas, de natureza diversa, centradas na adquisición das competencias básicas .

Á hora de calcular a nota media da avaliación, tenderase a un redondeo á baixa pola non realización dos deberes, incumprimento do prazo de entrega dos traballos, comportamentonegativo, falta de interese pola dinámica do grupo e actitude incorrecta respecto ao profesorado e aos compañeiros de clase. E, polo contrario, sempre e cando a actitude sexa boa, procederase ao redondeo cara arriba.

Por regra xeral, non se realizarán probas de recuperación debido ao carácter acumulativo dos coñecementos das linguas estranxeiras: a materia impartida nunha avaliación vai ser recuperada en avaliacións posteriores. Así, o alumnado que non supere a materia nunha avaliación, poderá recuperala se aproban as avaliacións posteriores.

Ao alumnado que non alcance os obxectivos a medida que avanza o curso, proporánselle tarefas de reforzo. O Departamento dispón de fichas diversas e outros materiais para a recuperación e o reforzo do alumnado con dificultade na materia, que se distribuirán puntualmente.

**Na nota de final de curso valorarase a progresión positiva dos alumnos ao longo do ano, xa que a materia réxese polo criterio de avaliación continua. Polo tanto, non será a media aritmética das tres avaliacións.**

### **Instrumentos de avaliación e criterios de cualificacións para a sesión FINAL de xuño**

Instrumentos de avaliación:

- as tarefas e traballos entregados (ata 2 punto),
- visitas e tarefas da aula virtual de reforzo en xuño (ata 1 punto),
- interacción, participación, comportamento comunicativo na aula ( pode incluír unha proba orale/ou de presentación dun traballo en caso de que faltas de asistencia repetidas non permitisen avaliar nin determinadas competencias nin destrezas orais.) (ata 1 punto),
- Proba obxectiva con contidos mínimos das tres avaliacións (ata 6 puntos).

Os devanditos instrumentos abarcan as 4 destrezas ás que se refire a programación (C.E. C:O: E.E: E. 0.) Será obrigatorio presentarse ao exame para conseguir a nota mínima de 5.

